

Centro de Tecnificación de Galicia



Regulamento de Orde Interno Versión 2023

Propósito

O **Centro de Tecnificación de Galicia (CeTeGa)** da **Federación Galega de Hóckey** ten o encargo e competencias de “prover os medios, mecanismos e organización para a educación deportiva, capacitación e tecnificación dos xogadores, adestradores e árbitros galegos” segundo o publicado na súa misión.

No seu ámbito de actuación este regulamento determina as obrigas e dereitos dos participantes e colaboradores nas actividades desenvolvidas polo Centro.

A participación nas actividades do CeTeGa é de carácter voluntario, tanto para xogadores/as como para adestradores/as e colaboradores, polo tanto os custos derivados da asistencia son por conta dos participantes, excepto nos casos en que se comunique especificamente o contrario.

No caso de adestradores/as, árbitros, xuíces e colaboradores o carácter e tamén altruísta, sen menoscabo de que se poidan aprobar compensacións de custos en función das posibilidades económicas en cada momento. No caso de xogadores/as poderá establecerse un canon económico para a súa participación, a pagar polos seus respectivos clubs.

Participantes

Son participantes todos aqueles xogadores e xogadoras convocados ás actividades convocadas polo CeTeGa en calquera dos seus ámbitos de competencia.

A condición de xogador require estar en posesión de licenza federativa para a tempada en curso, recoñecemento médico e seguro deportivo en vigor.

Son participantes así mesmo os técnicos nomeados e convocados para o desenvolvemento desas actividades, así como os árbitros, xuíces e demais persoas convocadas para ditas actividades.

A condición de técnico ou árbitro/xuíz require así mesmo estar en posesión de licenza federativa, para o que é requisito previo a inclusión, así como seguro deportivo en vigor.

Convocatorias

En caso de xogadores e xogadoras as convocatorias realizaranse sempre dende o CeTeGa ou a través da Dirección Técnica **directamente ós clubs, sendo estes os que deben trasladar dita convocatoria ós seus xogadores e xogadoras.**

No caso de baixa deportiva dos xogadores e outros impedimentos, o secretario do club dará resposta a non asistencia o máis urxente posible, para que se poidan convocar outros.

En caso de **técnicos e outro persoal, será convocado directa e persoalmente** polo CeTeGa. No caso de baixa deportiva, dará resposta a non asistencia o máis urxente posible, para que se poida xestionar a substitución.

¿Onde son as actividades?

O CeTeGa ten a súa sede principal en Ourense, nas instalacións de hockey de Mariñamansa, sitas na Universidade Laboral.

Adicionalmente desenvolveranse actividades en Coruña e Vigo, así como onde sexa relevante e as instalacións o permitan.

Xogadores e Xogadoras

Calquera xogador ou xogadora convocados a través do seu club deberá:

- Acudir co equipo adecuado para a actividade no día e hora de forma puntual.
 - Puntual quere dicir, listo para actividade. O tempo de cambiarse e prepararse é anterior a actividade.
 - O equipamento deportivo obrigatorio mínimo ademais do material para hockey habitual inclúe **bidón/botella individual, protección bucal e de tibia (espilleras)**, luva protectora é recomendable.
 - Aportar a documentación requirida no inicio das actividade e en calquera caso cando se lle solicite. A non aportación da documentación solicitada pode significar non participar nas actividades.
 - Se non pode acudir deberá **comunicar previamente á Dirección Técnica responsable, como tarde 24 horas antes**, o motivo polo que non poderá acudir.
 - En caso dunha urxencia ou emerxencia comunicarse en canto sexa posible.
 - **Devolver** o material prestado limpo e en bo estado **máximo antes de 15 días despois da data de celebración do campionato, concentración, actividade ou torneo**. En caso de algún impedimento debера comunicalo ó CeTeGa.
 - De non ser así, o material se lle poderá factura o club o que pertence.
- Poñerse a disposición do técnico encargado durante todo o período da actividade, seguindo en todo momento un comportamento axeitado no deportivo, persoal e colectivo.
 - Incluindo o coidado e respecto debido ó material e as instalacións.
 - A actividade comeza cando se chega a instalación e remata cando se abandona, o tempo de vestiario, esperas e demais e parte tamén da actividade polo que aplican as mesas regras.

- Durante a sesión, o único encargado do desenrolo da mesma e do mantemento da orde, disciplina e comportamento serán os técnicos encargados.
 - Será competencia dos técnicos, e solo deles, determinar cando un xogador ou xogadora non cumpre co esperado e tomar as accións oportunas incluíndo a expulsión da actividade, sen menoscabo de outras decisións posteriores.
- Serán avaliados na súa competencia técnica, física e persoal no ámbito deportivo os efectos de determinar o seu nivel, personalizar as actividades e recomendacións na medida do posible, e realizar así a selección oportuna para compoñer as Seleccións Galegas de cada modalidade.
 - A falta de asistencia, especialmente inxustificada, o comportamento incorrecto ou falta de compromiso e esforzo son causas de baixa nas actividades do CeTeGa, así como na decisión técnica de convocatoria nos equipos autonómicos.
 - A xustificación das ausencias deberá ter evidencia suficiente: lesión, enfermidade, estudos, traballo, cuestións familiares... que se remitirán á Dirección Técnica. Os técnico poderán solicitar tales evidencias ós xogadores e xogadoras así coma ós seus pais ou titores para poder obrar xustificar as ausencias e obrar en xustiza.

Calquera xogador ou xogadora (e por extensión os seus pais ou titores) convocados a través do seu club poderá:

- Participar nas actividades completas para as que fora convocado ou convocada.
- Ter un medio de comunicación, ó través da Dirección Técnica, co técnico encargado para poder informar e contactar en caso necesario.
- Esperar un comportamento axeitado e respectuoso por parte dos técnicos encargados.
- Ter a atención deportiva e persoal axeitada dentro do ámbito da actividade e de grupo.
- Solicitar e ter información relativa as actividades, o ser desenrolo nelas e apoio técnico por parte dos encargados.
- Estar atendido en continxencias típicas do desempeño deportivo incluíndo a atención urxente se é precisa.

Técnicos e demais persoal

Os técnicos convocados directamente deberán:

- Preparar anticipada e oportunamente as actividades das que se fará cargo, atendendo as idades, niveles e competencias a traballar segundo os planes e coordinación técnica do CeTeGa
- Acudir no lugar data e hora especificadas con antelación para atender os participantes, asegurándose tamén da finalización adecuada da mesma.

- Estar dispoñible para os participantes e ter un canal de comunicación con eles, ó través da Dirección Técnica, para poder dar e recibir notificacións oportunas.
 - Especialmente para os avisos de ausencias ou imprevistos
- Facer un seguimento das actividades, convocatorias, convocados, asistencia, participación e comportamento, mantendo un rexistro axeitado e oportuno de cada actividade.
- Manter en todo momento un comportamento axeitado no deportivo, persoal e colectivo, asegurando que os participantes tamén o seguen durante toda a duración da actividade, enténdeno esta como dende a chegada a instalación ata a saída da mesma. Dar exemplo.
- Atender as solicitudes de información dos participantes e/ou dos seus pais e titores.
- Coordinarse coa Dirección Técnica do CeTeGa incluíndo:
 - Asistencia as reunións e convocatorias técnicas
 - Preparación e coordinación de calendarios, actividades e tarefas da súa función e rol.
- Avaliar a cada participante para determinar o seu nivel, recomendacións persoais dentro do posible e determinar, no caso de ter esa competencia, as listas de asistentes e baixas nas actividades, e no seu caso, seleccionados para os equipos para compoñer as Seleccións Galegas de cada modalidade.

Os técnicos convocados directamente poderán:

- Ter o apoio e soporte do CeTeGa e a FGH no seu ámbito de actuación incluíndo o seu nomeamento oficial dentro da estrutura do centro.
- Dispor dos medios e material axeitados para a súa función dentro das posibilidades do centro.
- Participar en actividades formativas, de tecnificación ou calquera outra que convoque no seu ámbito o CeTeGa, a FGH ou outros organismos relacionados.
- Desfrutar dos beneficios que a FGH determine para o seu ámbito e función incluíndo compensacións de custos, material, descontos, etc.

Disposicións adicionais

O medio de comunicación entre participantes, os seus pais ou titores, cos técnicos e xestores será sempre o través da Dirección Técnica polos medios que esta poña a disposición.

O CeTega terá sempre a competencia de xerar, coordinar e supervisar o programa e actividades, así como a súa convocatoria e seguimento.

Do mesmo xeito ter a competencia de nomear e asignar técnicos responsables en cada modalidade e tramos de idades, e en especial o nomeamento de Seleccionadores Galegos e o staff asignado a cada equipo incluíndo técnicos de Apoio, xefe de equipo, asistentes médicos, etc.

O CeTeGa porá a disposición de técnicos e participantes os medios, instalacións, e material axeitado para o adecuado desenrolo das actividades programadas.

O CeTeGa disporá á presenza de membros do equipo de xestión durante as actividades como apoio ós técnicos e medio de relación co entorno: pais ou titores, instalacións, etc.

O CeTeGa, e en ultima instancia a FGH, terá a ultima apalabra en cuestións disciplinarias relacionadas coas actividades.